CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

OBSERVACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI

DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA

Título

O título do anteproxecto introduce o concepto de "outros centros museísticos" que soio aporta confusión, polo que se propón a súa simplificación deixándoo coma: "Lei dos Museos de Galicia", con indepenencia de que no ámbito de aplicación se delimite éste e se incorporen outros centros que regula a propia lei.

En coherencia, consideramos mais axeitado a substitución do Título II do anteproxecto polo de **Sistema Galego dos Museos.**

Consideracións particulares.-

Art.2 Ámbito de aplicación

Bótase en falta a non inclusión como centros museísticos dos espazos, monumentos e bens inmobles con valores históricos, arqueolóxicos, ecolóxicos, industriais, etnográficos naturais e culturais de carácter museolóxico que reúnan, conserven e difundan conxuntos de bens culturais ou patrimonio vivo.

Art. 3 Definición e funcións dos museos

Proponse a seguinte redacción para o parágrafo 1.

Os museos son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación investigación, difusión, e exhibición, de forma científica, estética, e didáctica **con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural de conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, etnográfico, etnolóxico, científico, técnico, natural ou de calquera outra natureza cultural.** Quedarán sometidos ao réxime de protección establecido pola Lei 5/2016 de o 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia para os bens declarados de interese cultural, os inmobles dedicados a museos de titularidade autonómica.

Art. 8 Estrutura do sistema galego de centros museísticos

Os Museos e Coleccións Museolóxicas deberían encabezar o Sistema Galego de Museos, como parte fundamental do dito sistema; o órgano administrativo de dirección e coordinación, debería estar ao servizo daqueles e non ao revés, tal como da a entender a prelación que establece este artigo na redacción proposta.

Art. 10 Consello de Centros museísticos de Galicia.

O Consello dos Museos de Galicia debera ter unha maior participación no "Deseño e planificación da política museística de Galicia" que na proposta actual se limita a unha mera labor informativa.

Por outra parte, Considérase fundamental unha participación máis plural dende a propia designación dos membros do "Consello dos Museos de Galicia" que tal e como se prevé no anteproxecto, son nomeados directamente polo Conselleiro competente na materia entre "persoas vinculadas ao ámbito cultural e museístico".

Comos sinala a exposición de motivos hoxendía os centros museísticos son espazos abertos á cooperación entre a actividade cultural pública e a privada, entre os actores públicos e os individuos, asociacións, fundacións sen ánimo de lucro e mesmo as empresas privadas que optan pola creación de museos propios ou polo mecenado de museos públicos como forma de contribuír, desde a responsabilidade social, ao interese xeral que representa o enriquecemento da cultura. Tratando de integrar perspectivas e axentes sociais diversos consideramos que esta visión non ten encaixe na proxectada regulación do "Consello dos Museos de Galicia" . Neste Consello debe recollerse a posibilidade de que as entidades representativas dos interlocutores sociais podan propoñer persoas para o seu nomeamento como vogais do devandito Consello. E nomeadamente, as organizacións empresarias más representativas deberían ser recoñecidas como propoñentes tendo en conta a relevancia que cobra a necesaria colaboración coas empresas privadas neste ámbito.

Artigo 21. Dotación e selección de persoal dos centros museísticos do Sistema Galego de Centros Museísticos

En relación co persoal necesario nos centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos debería diferenciase o nivel de esixencia entre as diferentes modalidades de centros, co ánimo de manter e mesmo promover unha maior integración das coleccións museísticas no **Sistema Galego de Centros Museísticos.**

Art. 29 Doazóns e legados

O artigo 29 na súa redacción proposta di que "*A consellería con competencias en materia de museos porá en marcha **un plan** para fomentar, en favor da Comunidade Autónoma, doazóns e legados artísticos e culturais que sexan de interese para preservar a identidade de Galicia*"

Consideramos que non é necesario só un plan, con efectos limitados no tempo, senón unha **política máis ampla de posta en valor por medio da musealización do noso patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, etnolóxico, científico, técnico, natural ou de calquera outra natureza cultural mediante a promoción activa de legados e doazóns.**

En consecuencia, esta lei debería establecer un **sistema de recoñecemento público aos doadores e legatarios así como estímulos fiscais para aqueles legados que veñan a enriquecer incrementar ou mellorar o noso sistema de centros museísticos, así como os bens que o poidan integrar.**

Art. 33 Da conservación, restauración e outras intervencións nos fondos

Considérase necesario prever e planificar **medidas de apoio para dotar aos centros do sistema galego de centros museísticos de instalacións que garantan as condicións adecuadas de conservación dos seus fondos.**

Título V: Das medidas de dinamización:

O anteproxecto debería establecer un sistema de dinamización máis ambicioso e comprometido, prevendo unha planificación e establecendo obxectivos a acadar.

No primeiro artigo (41) do Título, referido ás subvencións e axudas públicas, limítase a prever a posibilidade de conceder subvencións: *"No exercicio das súas competencias a Xunta de Galicia poderá conceder subvencións e axudas públicas destinadas á creación de centros museísticos, así como a actuacións ..."*

Sería desexable un compromiso real e estable cos museos de Galicia e coa súa creación, dinamización e mantemento, incorporando o mandato legal dunha planificación anual ou pulurinual: **No exercicio das súas competencias a Xunta de Galicia planificará e convocará un sistema de subvencións e axudas públicas destinadas á creación de centros museísticos e a actuacións neste eido.**

Disposición transitoria primeira. *Clasificación das institucións museísticas existentes á entrada en vigor desta lei*

A administración competente procederá de oficio, no prazo de catro anos, contados a partir da entrada en vigor da lei, a clasificar ou reordenar as institucións museísticas conforme o estipulado no Título I da presente lei.

A Lei debera prever que esta clasificación ou reordenación se faga atendendo ao principio de mantemento dos centros existentes habilitando as medidas necesarias para isto.

*****